

PORTOMARIN

Polo PLENO, deste CONCELLO, en sesión celebrada o día vinteseite de novembro de mil novecentos noventa e seis, aprobouse provisionalmente as modificacións das ORDENANZAS, FISCAIS REGULADORA DA TASA DO SERVICIO POR SUMINISTRO DE AUGA, e a creación da TASA por EXPEDICION DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS, expoñéndose ditos acordos mediante anuncios publicados no BOLETIN OFICIAL DA PROVINCIA num. 280 correspondente o cinco de decembro de mil novecentos noventa e seis, e no tablón de edictos da CASA CONSISTORIAL, na mesma fecha, sen que se presentase reclamación algunha durante o prazo de exposición pública, polo que, de conformidade co que establece o apartado 3 do artigo 17 da LEI 39/88, de 28 de decembro, ditos acordos elevaranse automaticamente a definitivos, segundo determina o núm. 4 do mesmo artigo, publicándose o texto íntegro do respectivo acordo de MODIFICACION DA TASA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO SERVICIO DE SUMINISTRO DE AUGA, e A CREACION DA TASA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA POR EXPEDICION DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS:

2.- APROBACION, si procede de ORDENANZAS FISCAIS REGULADORAS DE IMPOSTOS MUNICIPAIS E MODIFICACION DAS MISMAS.

Pola ALCALDIA, elévase proposta o PLENO DO CONCELLO, acompañada co correspondente expediente de ORDENANZAS FISCAIS REGULADORAS DE IMPOSTOS MUNICIPAIS, e MODIFICACION DAS MISMAS, referido a CREACION DA ORDENANZA fiscal da tasa por expedición de documentos administrativos e MODIFICACION do art. 3 da ORDENANZA NUM. 4 REGULADORA DO PRECIO PUBLICO, polo SUMINISTRO DE AUGA.

Considerando que e competencia do CONCELLO PLENO a aprobación e modificación das CORRESPONDENTES ORDENANZAS FISCAIS.

O PLENO da CORPORACION, tal e como se reflexa seguidamente, cos votos favorables dos SRES. CONCELEIROS DO PARTIDO POPULAR, e os votos en contra dos SRES. CONCELEIROS do GRUPO INDEPENDENTES E O SR. CONCELEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO; ACORDA:

1.- APROBA-LA MODIFICACION DO ART. 3 da ORDENANZA REGULADORA DO PRECIO PUBLICO POLO SUMINISTRO DE AUGA E APROBA-LA CREACION DA TASA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DE EXPEDICION DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.

2.- Que se someta a información pública por un período de trinta días hábiles, mediante edicto que se ha de publicar no BOLETIN OFICIAL DA PROVINCIA; para que os interesados poidan examinalo expediente e presentar reclamacións.

3.- Que se de conta o PLENO do CONCELLO das reclamacións que se presenten, que se resolverán con carácter definitivo e no caso de que non se presenten reclamacións, o acordo provisional elevarase automaticamente a definitivo.

4.- Que o acordo definitivo e a ordenanza fiscal se publiquen no BOLETIN OFICIAL DA PROVINCIA; para a

sua vixencia e posible impugnación xudicial tal, como dispoñon o art. 17 da LEY REGULADORA DAS FACENCAS LOCAIS.

MODIFICACION DO ART. 3 da ORDENANZA DO PRECIO PUBLICO POLO SUMINISTRO DE AUGA

Examinado o respectivo expediente de revisión de tarifas da ORDENANZA FISCAL, de tasa por suministro de auga a domicilio, co voto en contra dos CONCELEIROS DO GRUPO INDEPENDENTES DE PORTOMARIN D. MANUEL RODRIGUEZ E D. ANTONIO SOENGAS (os cales manifestan que non están dacordo con incrementar a tarifa, por canto o servizo e deficiente), e como moito propoñen que a subida sexa do 2,6%. Vota en contra igualmente o CONCELEIRO do BNG, o cual considera que o incremento debe ser no porcentaxe do 2,6%. Cos votos favorables dos membros do PARTIDO POPULAR, acordase a revisión da tarifa, e en consecuencia o art. 5 de dita ORDENANZA, queda redactado da seguinte forma:

TARIFA.

- a.- Mínimo 16 m², en dous meses, importe 320 Ptas.
- b.- De 17 m² a 60 m², o exceso do mínimo a 20 Ptas. m².
- c.- De 61 m² a 200 m² 25 Ptas. m²
- d.- De 201 m² en adiante 30 m²

Os dereitos de enganche na rede xeral do servizo, serán os mesmos que rexian anteriormente ou sea CINCO MIL PESETAS

IGUALMENTE APROBOUSE, que o usuario que teña o contador averiado notificaraselle por parte deste CONCELLO, para que no prazo de quince días subsane tal deficiencia, no caso de que no na susane, terá que abonar o servizo, dacordo co segundo tramo de dita tarifa, e decir:

- b.- De 17 m² a 60 m² 20 Ptas.

No caso de que o usuario siga sin correxir as deficiencias notificaraselle novamente para que proceda a subanalas, no prazo de quince días, e extenderaselle o correspondente recibo do servizo, dacordo, co tramo núm. 3 de dita tarifa, é decir,

- c.- De 61 m² a 200 m² a 25 Ptas.

Igualmente acordouse, que as obras en construción, deberán colocar o correspondente contador, e abonar a cantidade de 25 ptas. m², así como o dereito de enganche na rede, na cantidade de 5.000 Ptas..

OTRA.- SEGUIDAMENTE, deuse conta do expediente tramitado para a creación da tarifa da ORDENANZA FISCAL reguladora da TASA POR EXPEDICION DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.

O Pleno da CORPORACION, cos votos favorables dos SRES. CONCELEIROS DO PARTIDO POPULAR, a os votos en contra dos SRES. CONCELEIROS DO GRUPO INDEPENDENTES DE PORTOMARIN, e o SR. CONCELEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, acordou. aprobar a creación da tarifa de ORDENANZA FISCAL, reguladora da TASA POR EXPEDICION DE

DOCUMENTOS, quedando redactada da seguinte forma:

ORDENANZA FISCAL NUM. 10

TASA POR EXPEDICION DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS:

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E NATURALEZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da CONSTITUCION e polo artigo 106 da Lei 7/1985; de 2 de abril. REGULADORA DAS BASES DE REXIME LOCAL, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da LEI 39/1988, de 28 de decembro, REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS; este CONCELLO establece a TAXA por expedición de documentos administrativos, que se rexirá pola PRESENTE ORDENANZA FISCAL; cuíñas normas atenden o prevenido no artigo 58 da citada LEI 39/88.

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.

1.- Constitue o feito imponible da TAXA a actividade administrativa desenvolada co motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expediente de que entenda a ADMINISTRACION ou as AUTORIDADES MUNICIPAIS.

2.- A estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquer outra documentación administrativa, que fose provocada polo particular ou redunde no seu beneficio aínda que non mediase solicitude expresa do interesado.

3.- Non estará suxeita a esta TAXA a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigacións fiscais, así como as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos, os recursos administrativos, contra resolucións municipais de calquera indole e os relativos a prestación de servizos ou realización de actividades de competencia municipal e a utilización privativa ou o aproveitamento especial de bens de dominio público municipal, que esten grabados por outra TAXA municipal ou polos que se esixa un precio público por este CONCELLO.

ARTIGO 3º.- SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos contribuintes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da LEI XERAL TRIBUTARA que soliciten, provoquen ou en cuio interés redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

ARTIGO 4º.- RESPONSABLES.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refieren os artigos 38.1 e 39 da LEI XERAL TRIBUTARIA.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da LEI XERAL TRIBUTARIA:

ARTIGO 5º.- EXENCIONS.

Gozan de exención aqueles contribuintes nos que conorra algunha daquelas circunstancias contempladas na lexislación vixente.

ARTIGO SEXTO.- CUOTA TRIBUTARIA.

A cuota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coa TARIFA que contén o artigo seguinte.

2.- A CUOTA DA TARIFA corresponde a tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, desde a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación o interesado do acordo recaído.

ARTIGO 7º.-TARIFA.

A Tarifa a que se refire o artigo anterior, estruturase nos seguintes epígrafes:

EPIGRAFE PRIMEIRO.

CENSO DE POBLACION DE HABITANTES

1.- ALTAS, BAIAS E ALTERACIONES NO PADRON DE HABITANTES 200 Ptas.

2.- PRESENTACION DE DOCUMENTOS NO REXISTRO DE ENTRADA DO CONCELLO 200 Ptas.

3.- CERTIFICACIONES DE EMPADRONAMENTO NO CENSO DO CONCELLO 200 Ptas.

4.- CERTIFICADOS DE CONVIVENCIA E RESIDENCIA 200 Ptas.

5.- DECLARACIONES XURADAS e COMPARENCIAS 200 Ptas.

EPIGRAFE SEGUNDO.

CERTIFICACIONES E COMPULSAS

1.- INFORMACIONES TESTIFICAS 200 Ptas.

1.- CERTIFICACION DE DOCUMENTOS OU ACORDOS MUNICIPAIS 200 Ptas.

2.- CERTIFICACIONES RELACIONADAS CO SERVICIO DE RECLUTAMENTO 100 Ptas.

3.- As demais CERTIFICACIONES 200 Ptas.

4.- DILIGENCIA DE COTEXO DE DOCUMENTOS 200 Ptas.

5.- POR BASTANTEO DE PODERES. que fagan surtir efectos nas oficinas municipais 200 Ptas.

6.- EPIGRAFE TERCEIRO.

DOCUMENTOS EXTENDIDOS OU EXPEDIDOS POLAS OFICINAS MUNICIPAIS

1.- Por expedición de certificacións e informes en expedientes de traspaso de apertura o similares de locais por cada un 200 Ptas.

2.- Por cada comparecencia ante a ALCALDIA para calquer finalidade con constancia por escrito solicitada polo INTERESADO 200 Ptas.

3.- Polo visado de documentos en xeral, non expresamente tarifados, por cada un 200 Ptas.

4.- Por cada documento que se expida en fotocopia, por folio 10 Ptas.

5.- Por cada documento por xerocopia autorizado por certificación 200 Ptas.

6.- Por cada contrato administrativo que se suscriba de obras bens ou servizos 1.000 Ptas.

EPIGRAFE CUARTO.

DOCUMENTOS RELATIVOS A SERVICIOS DE URBANISMO

1.- Por cada expediente de declaración de ruina de edificios 1.000 Ptas.

2.- Por cada certificación que se expida de servicios urbanísticos solicitada a instancia de parte 1.000 Ptas.

3.- Por cada informe que se expida sobre características do terreo, ou consulta a efecto de edificación a instancia de parte 1.000 Ptas.

4.- Por cada expediente de concesión de instalación de rótulo e muestras 1.000 Ptas.

5.- Por cada copia de plano de alineación de calles, en sanches etc. por cada m² o fracción de plano 1.000 Ptas.

6.- Por expedición de copias de planos obrantes en expedientes de concesión de licencias de obra, por cada m² o fracción de plano 1.000 Ptas.

7.- Por cada certificación del ARQUITECTO O INGENIERO MUNICIPAL en valoración de daños por incendios y otras peritaciones sobre edificios 2.000 Ptas.

8.- Consultas sobre ORDENANZAS DE EDIFICACION 1.000 Ptas.

9.- Obtención de cédulas urbanísticas 1.000 Ptas.

EPIGRAFE QUINTO.

DOCUMENTOS DE SANIDAD E CONSUMO

1.- Por cada certificación ou informe de ORDEN SANITARIO que expida a ALCALDIA. para que surta efecto fora da cidade 200 Ptas.

EPIGRAFE SEXTO.

CONTRATACION DE OBRAS E SERVICIOS

1.- Constitución, sustitución e devolución de fianzas para licitadores e obras municipais, por cada acto 2.500 Ptas.

2.- CERTIFICACIONES de OBRAS, cada unha 2.000 Ptas.

EPIGRAFE SEPTIMO

OUTROS EXPEDIENTES OU DOCUMENTOS

1.- Por cualquier outro documento ou expediente non expresamente tarifado 200 Ptas.

- Acordouse igualmente que as tarifas antes mencionadas entren en vigor a partir do primeiro día do ano mil novecientos noventa e sete.

OUTRAS ORDENANAZAS

- Continuarán en vigor as ORDENANZAS FISCAIS, existentes, ata a sua modificación ou derogación.

ARTICULO 8º.- BONIFICACIONES NA CUOTA.

Non se concederá bonificación algunha dos importes das cuotas tributarias sinaladas na TARIFA desta TASA.

ARTICULO 9º.- DEVENGO.

1.- Devengase a TAXA e nace a obriga de contribuir

cando se presente a solicitude que inicia a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos o tributo.

2.- Nos casos a que se refire o numero 2 do artigo 21, o devengo prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que proxexan a actuación municipal de oficio ou cando esta se inicie sen a previa solicitude do interesado pero redundo no seu beneficio.

ARTICULO 10º.- DECLARACION E INGRESO.

1.- A taxa esixírase en rexime de autoliquidación, polo procedemento de selo municipal adherido o escrito de solicitude da tramitación do documento ou expediente, ou nestes mesmos se aquel escrito non existise, ou a solicitude non fose expresa.

2.- Os escritos recibidos polos conductos a que se fai referencia no artigo 33 da LEI do REXIMEN XURIDICO DAS ADMINISTRACIONES PUBLICAS e o PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO COMUN, de 26 de novembro de 1992, que non veñan reintegrados, serán admitidos provisionalmente, pero non poderá darselle curso, sen que se subsane a deficiencia, para o cal requirírase o interesado para que, no prazo de dez días abone as cotas correspondentes co apercibimento de que transcorrido dito prazo sen efectualo teranse os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.

3.- As certificacións ou documentos que expida a ADMINISTRACION MUNICIPAL, en virtude de oficio de XULGADOS ou TRIBUNAIS para toda clase de pleitos. non se entregarán nin ramitan sen que previamente se satisficese a correspondente cuota tributaria.

ARTICULO 11.- INFRACCIONES E SANCIONES.

En todo o relativo a calificación de infraccións tributarias así como as sancións que as mesmas correspondan en cada caso estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da LEI XERAL TRIBUTARIA, segundo ordena o artigo 11 da LEI 39/88 de 28 de decembro, REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.

DISPOSICION FINAL.

As presentes ORDENANZAS FISCAIS, cuya redacción foi aprobada polo PLENO do CONCELLO, con fecha vinteseite de novembro de mil novecientos noventa e seis, entrarán en vigor o mesmo día en que sexa publicada no BOLETIN OFICIAL DA PROVINCIA; e permanecerá en vigor ata a sua modificación ou derogación expresa.

OUTRAS ORDENANZAS

Continuarán en vigor as ORDENANZAS FISCAIS, existentes, ata a sua modificación ou derogación.

O ALCALDE, ilegible

O SECRETARIO, ilegible

R. 37274000000850

VILALBA

Anuncio

Habiéndose presentado en esta Alcaldía un escrito solicitando la devolución de fianzas depositadas por Eulogio Viñal, Obras y Construcciones, como consecuencia de la ejecución de las obras que se relacionan seguidamente:

—“Accesos a Carboeiro, Fraga y Pradieiro en Román”;